



**Aula Xuventur  
ofrece 1.360  
prazas para  
estudantes**



**Impulso ao  
voluntariado  
xjuvenil no  
Ano Europeo**



**Triplícase  
o acceso a  
internet co  
móbil**



**Máis recursos para o  
Iniciativa Xove de 2011**



CONVOCATORIA 2011



iniciativaxove

# Medra o financiamento de Iniciativa Xove en 2011

- A liña de subvencións destina 695.000 euros a favorecer a participación social da mocidade galega

**Iniciativa Xove** reforza a súa dotación económica na nova convocatoria de 2011. A dirección xeral de Xuventude e Voluntariado incrementa os recursos deste programa en 20.000 euros máis que o ano pasado, de modo que esta vez conta cun financiamento global de 695.000 euros destinados a iniciativas xuvenís que potencien a participación social da mocidade galega.

A nova **convocatoria** mantén as novidades estreadas no exercicio anterior para facilitar o desenvolvemento das iniciativas, cos menores atrancos burocráticos posibles. Así, poden aspirar a estas axudas grupos informais dun mínimo de cinco persoas de entre 18 e 29 anos que vaian efectuar unha iniciativa xuvenil.

Esta é unha das vantaxes máis valoradas polos participantes na anterior Iniciativa

Xove, xa que a simplificación dos trámites lles permitiría centrar a maior parte dos seus esforzos nas actividades e non perder tempo no papeleo.

Por suposto, a convocatoria tamén se dirixe a asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade sen interese de lucro e inscritas no censo oficial que depende da dirección xeral. No caso de federacións, o proxecto que presenten debe ser diferente ao das entidades que as conforman.

## Convocatoria

## Solicitudes

As áreas de actuación que se consideran prioritarias na convocatoria son as de proxectos relacionados co

ocio e o lecer educativo, coa creación de espazos para a comunicación e as novas tecnoloxías, ou co fomento de actitudes creativas, emprendedoras, innovadoras e participativas dos xóvenes na súa comunidade e contorno.

As **solicitudes** poden presentarse ata o 28 de febreiro. No caso dos grupos informais, os integrantes deben estar identificados e un deles asume o papel de representante único do grupo, con poderes para cumprir as obrigas que lle correspondan ao grupo no caso de ser beneficiario dunha axuda. O propio grupo tamén terá que ter un nome que o identifique.

As axudas desta edición 2011 de Iniciativa Xove terán unha contía máxima de 7.000 euros, sen superar en ningún caso o 80% do orzamento total do proxecto.





iniciativaxove

# A asociación Muíños dinamiza o turismo en Boqueixón co seu proxecto de Iniciativa Xove

- Deseño de rutas de sendeirismo e en bicicleta
- A actividade podería beneficiar a 6.000 persoas

Os proxectos vencellados ao lecer educativo son unha constante nas actividades desenvolvidas no marco do programa **Iniciativa Xove**. Un bo expoñente é o proxecto "Dinamización Turística" que nos últimos meses acometeu a Asociación Cultural e Xuvenil Muíños, do municipio coruñés de **Boqueixón**.

A proposta desta entidade consistiu en fomentar as rutas de sendeirismo e en bicicleta existentes no seu concello. Centráronse na que ascende desde o Centro de Interpretación do **Pico Sacro** ata o Pico, no que é unha paraxe emblemática para toda esa bisbarra do entorno compostelán.

Só para o deseño dos roteiros e a súa planificación e sinalización, a asociación Muíños implicou directamente a unhas corenta persoas, todos mozos e mozas de entre 15 e 30 anos. Froito do seu traballo, estiman que se poden beneficiar indirectamente preto de 6.000 persoas.

Desde a asociación declaran que o



**A principal ruta que fomentaron é a que sobe ao Pico Sacro**

seu principal obxectivo era "potenciar o turismo activo no municipio", aproveitando todo o potencial do seu patrimonio e da súa paisaxe. En mente, tiñan sempre a intención de "fomentar a solidariedade e partici-

pación activa dos mozos e mozas de Boqueixón", e darlles a ocasión de coñecer o patrimonio local e da natureza da zona.

Porén, os resultados do proxecto esténdense ao conxunto da socie-

dade, xa que a asociación marcouse tamén a meta de concienciar a todos os veciños no respecto e a defensa do seu patrimonio.

Para Muíños, esta primeira participación no programa Iniciativa Xove resultou moi positiva. Os participantes destacan a ocasión de coñecer mellor o seu propio municipio, a opción de facer deporte e estar en contacto coa natureza, e mesmo a de adquirir certas capacitacións que lles axuden a abrir portas no difícil mercado laboral.

A directiva tamén se declara moi satisfeito coa evolución do proxecto. Anticipa que continuarán organizando rutas en bicicleta e de sendeirismo polas diferentes zonas do municipio, e planifican actividades similares para máis adiante. Van participar na **convocatoria 2011** de Iniciativa Xove, e de feito están ultimando a elaboración dun novo proxecto. Sen o programa autonómico de axudas non pasarían das ideas á acción, segundo conclúen.



# Galicia impulsa o voluntariado xuvenil no Ano Europeo do Voluntariado

## ● Certificado, bolsa e campos de traballo

Formalizar a acción voluntaria. Ese é o principal obxectivo do novo Programa de Voluntariado Xuvenil, que a Xunta presentará durante 2011, declarado **Ano Europeo do Voluntariado**. Na súa presentación, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou que se trata dun programa "novidoso, pioneiro e experimental a nivel de todo o Estado".

Entre as medidas que incorporará, figura que as persoas de entre 18 e 30 anos de idade que participen no programa recibirán un certificado de educación non formal ao finalizar o proxecto.

Ademais, vaise crear unha bolsa de voluntarios, da que saíran os participantes para proxectos de concellos ou entidades.

Mediante este programa, tamén se apoiará economicamente o custo diario dos voluntarios de proxectos de concellos ou asociacións. A conselleira aclarou que "non é unha remuneración nin in salario", xa que a acción voluntaria se caracteriza por non recibir retribucións económicas. O apoio servirá, por tanto, exclusivamente para cubrir os custos de desprazamento e manutención.

Tamén no eido do volunta-



**Mato e Rodeiro presentan a programación de 2011**

riado xuvenil, este ano están previstos tres campos de traballo, un el Ourense e dous en Palas de Rei. Neles

podrán participar sesenta mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, procedentes de Galicia, da emigración galega, doutras autonomías e doutros países.

## Galicia acollerá a finais de novembro o Congreso Estatal de Voluntariado, apoiado polos Príncipes de Asturias

"Camiños de Solidariedade" será o lema do Congreso Estatal de Voluntariado que se celebrará en Santiago entre o 29 de novembro e o 1 de decembro.

Esta cita, que chega á súa decimocuarta edición, ten o "apoio explícito, ano tras ano, dos Príncipes de Asturias", tal como lembrou a conselleira Beatriz Mato.

Desde 2000 non se celebraba en Galicia un congreso deste tipo. Así, será unha das principais actividades da programación específica que a Xunta

programou para o Ano Europeo, e que a conselleira presentou xunto ao director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro.

Outra acción serán os "Premios Solidarios", que distinguen a colectivos e persoas neste ámbito.

## Lei de Acción Voluntaria

O voluntariado experimentará en 2011 un notable avance no eido normativo, coa aprobación da Lei Galega de Acción Voluntaria, con importantes novidades que recollerán as demandas das entidades de acción voluntaria. Antes do verán, está prevista tamén a presentación do Plan Galego de Voluntariado, que guiará a acción do goberno autonómico durante catro anos.

## Para ter máis voluntarios

Outras medidas novas serán o plan de formación, no que participarán unhas 6.000 persoas, e a posta en marcha do "Bus Solidario", que percorrerá vilas e cidades no verán para difundir accións do voluntariado. Na primavera, a promoción levarase aos centros educativos de secundaria, que o "Bus Solidario" visitará tamén en outubro.



# Ensaio xeral para a final do Parlamento Xove

- Os oito equipos enfrontaranse o 26 de febreiro



Foi unha fin de semana moi intensa, pero non deixou de ser un simulacro da que será a verdadeira final. Os oito equipos finalistas do concurso **Parlamento Xove** participaron o 29 e 30 de xaneiro, no albergue xuvenil de Gandarío (Bergondo), na preparación para a fase final, que se celebrará o vindeiro 26 de febreiro no **Parlamento de Galicia**.



Ese día, os estudantes de cuarto da ESO e primeiro e segundo de Bacharelato dos centros **La Salle de Santiago**, **IES Becerreá**, **IES A Pinguela** de Monforte, **Colexio Divina Pastora** de Ourense, **SEK Atlántico** de Poio, **IES Laxeiro** de Lalín, **Colexio Filipenses** de Vilagarcía, e **IES A Xunqueira** de Pontevedra, terán que botar man de todas as súas habilidades para, mediante o diálogo e a argumentación razoada das súas ideas, alzarse coa victoria do certame pedagóxico.



A final desenvolverase cunha dinámica moi semellante á das fases previas e da xornada preparatoria. Os concursantes buscarán información sobre un tema, elaborarán artigos, elaborarán dossiers de investigación e debaterán, a favor ou en

contra, sobre un tema proposto pola organización. No caso da preparatoria, abordouse a importancia das marcas comerciais e as tecnoloxías da comunicación como posible motivo de exclusión social da xuventude.

Os gañadores obterán como premio unha viaxe conxunta e un ordenador portátil para cada integrante do equipo. Hai tamén premios para o mellor dossier de investigación -unha videoconsola para cada un-, e un ordenador portátil para o redactor do mellor artigo. Neste caso, os seus compañeiros de equipo recibirán un disco duro portátil.

O que máis se valora no concurso Parlamento Xove, tanto a nivel individual como sobre todo en grupo, é a capacidade de selección de información, a técnica da expresión escrita e a solvencia da expresión oral, a orixinalidade, a argumentación razoada, o traballo en equipo e a convivencia.

Na xornada preparatoria adestraron todo este seu potencial, pero tamén dedicaron a xeira do domingo a múltiples actividades lúdicas no albergue. Non todo vai ser traballo.





# Cada vez máis enredados co móbil

● Máis da metade dos usuarios accede xa a internet desde o seu teléfono, o triple que hai dous anos

A forma en que a xuventude usa o teléfono móbil evoluciona constantemente. As chamadas e os SMS seguen estando aí, pero cada vez ábrese paso novas aplicacións. A que máis está irrupindo nos últimos meses é o acceso a internet, facilitada pola extensión da cobertura do sistema **3G** e pola proliferación de redes **Wifi**.

O **avance é acelerado**, xa que na actualidade un 53% dos xóvenes entre 15 e 35 anos acceden a internet

co seu móbil, cando hai un ano eran o 30% e hai dous rondaba o 15%. Así figura no observatorio de tendencias da firma Nokia, que desde hai algo máis de dous anos analiza periodicamente os hábitos e as demandas da mocidade en relación co móbil e a tecnoloxía.

Dos dous mil xóvenes enquisados, un 36% conéctanse polo menos unha vez por semana e un 17% teñen accesos menos frecuentes. Quen fan un uso máis habitual de internet no móbil



son os que están entre os 19 e os 30 anos (arredor do 40%). Os menores de 18 e

os de 30 a 35 fican no 30% de usuarios frecuentes.

O fenómeno das **redes sociais** como **Facebook**, **Twitter** ou **Tuenti** entrou tamén con forza no móbil. E aí é onde os máis novos fan un uso máis intenso. Un **80% acceden a diario a unha rede social** e só un 10% non ten presenza. A porcentaxe acada o 93% nos que contan con entre 15 e 18 anos e queda no 65% nos que teñen entre 31 e 35.

O **boom** constátase vendo a evolución dos dous últimos

anos. Se a finais de 2008 só accedían ás redes sociais polo menos unha vez á semana un 42% esa cifra agora está no 88% dos usuarios.

E ademais é unha práctica que **engancha**. O 30% do tempo que se pasa en internet é para estar en redes sociais. Na franxa de ata 18 anos, é case a metade (48%) e suma unha media algo superior ás **8 horas á semana**. Este tempo vai minguando ata as 4,6 horas dos de 31 a 35 anos.

## Interese polo correo electrónico

O que máis lles interesa aos usuarios de internet no móbil é a posibilidade de enviar e recibir correos electrónicos no sitio en que se atopen. Menciónana un 65% dos enquisados. Un 43% ve moi útil realizar consultas e buscar información. Para un 36% resulta de interese u uso da mensaxería ins-



tantánea, e un 33% sitúan como tres primeiras preferencias o acceso a redes sociais. A busca de itinerarios, ver vídeos, facer xestións bancarias, ler noticias, descargar aplicacións e descargar música son outros usos que se sitúan entre os preferidos no acceso a internet mediante o teléfono móbil.

## A pantalla táctil e a conexión wifi triunfan nas compras

Hai tempo que os móbiles deixaron de ser simples teléfonos que levar a calquera lado para converterse tamén en pequenos ordenadores, cámaras, receptores de radio... Porén, non deixan de incorporar novidades. Unha das máis recentes, a pantalla táctil, é a que máis está triunfando. O 25% dos usuarios sitúano como o principal factor á ter en conta cando merquen outro móbil, e un 37% téñeno entre os tres primeiros. Un 56% dos usuarios consultados xa teñen un móbil así, cando un ano antes eran só o 29%. Tamén a conexión wifi é moi valorada: para o 16% é prioridade e para un 41% está entre as tres características máis desexadas. Unha vez máis, o tamaño non é o que máis importa, pero conta. Un 28% tómanlle a medida á pantalla antes de decidirse. Estes tres rasgos son precisamente os máis relacionados co consumo de internet no móbil. Que teña cámara, o prezo, a marca ou o deseño son elementos que tamén se valoran, pero en menor grao.





# Multiaventura e mar con Aula Xuventur



- Programa para centros escolares que ofrece preto de 1.400 prazas
- Actividades nos albergues das Sinas, de Portomarín e de Gandarío

O programa **Aula Xuventur** oferta un total de 1.360 prazas para centros de ensino galegos. Pode participar alumnado de primeiro a cuarto da ESO e de primeiro de bacharelato ou primeiro ciclo do grao medio, sempre menores de idade.

Este programa da dirección xeral de Xuventude ofrece tres opcións. A primeira delas, Vive o Mar, está dirixida ao alumnado de 12 a 16 anos da ESO. Terá lugar no albergue xuvenil das Sinas.

A segunda posibilidade, Multiaventura no Miño, con actividades de multideporte e multiaventura náutica, está ideada para os de 14 a 17 anos que estuden terceiro e cuarto da eso e bacharelato ou grao medio. Neste caso, para o aloxamento utilizaranse as instalacións

do albergue xuvenil Benigno Quiroga de Portomarín.

Finalmente, está a alternativa de Planeta Mar, dirixido ao mesmo segmento de idade que a multiaventura no Miño. Esta proposta terá como aloxamento o albergue xuvenil de Gandarío, no municipio de Bergondo.

As inscricións, que deben facer os centros só na modalidade en liña, teñen aberto o prazo desde o 7 de febreiro. Hai quendas desde este mes ata xuño. Non se admiten solicitudes individuais do alumnado. As prazas adxudícanse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asígnanse ata agotar todas as dispoñibles por cada módulo.

A dirección xeral de Xuventude confirmará a participación no programa ao



## As actividades de deporte centran Aula Xuventur

centro, que a continuación deberá confirmar a asistencia de, como mínimo, o 80% das prazas indicadas na súa solicitude.

Obtén **máis información** e tramita as solicitudes de cada opción: **Vive o Mar**, **Multiaventura**, **Planeta Mar**.

## Guía para a emancipación

Todos os mozos e mozas de 14 a 30 anos que queiran independizarse teñen xa á súa disposición unha guía que recolle todos os recursos das administracións públicas en formación, emprego e vivenda.

Ante a dispersión de todas as axudas, que ata agora figuraban en diferentes páxinas web e publicacións, a dirección xeral de Xuventude decidiu unificar todas as posibilidades nunha única publicación.

En materia de formación informa sobre estudos e cursos formativos relacionados directamente co mundo laboral, e axudas. En emprego, ofrece recursos para traballar tanto por conta propia como por conta allea. E en vivenda, abrangue compra e aluguer.

Se queres obter a guía, podes acadala **na web** ou pedila de balde en calquera das 320 oficinas da **Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil**.

# NON O PERDAS

**NADADORA. PONTEVEDRA.**  
25 DE FEBREIRO. SALA KARMA



**ÚLTIMA EXPERIENCIA. A CORUÑA.**  
26 DE FEBREIRO. SALA LE CLUB

# NON O PERDAS

## LUGO

3 de febreiro  
Gari  
Clavicémbalo

18 de febreiro  
José El Chatarra  
Sala Clavicémbalo

25 de febreiro  
Chicomalo  
Sala Clavicémbalo

26 de febreiro  
Quempallou  
Sala Clavicémbalo

## BUEU

19 de febreiro  
Kaotiko + Insolbentes  
Sala Zona

## OURENSE

13 de febreiro  
Basia Bulat  
Café Pop Torgal

17 de febreiro  
José El Chatarra  
Sala Auriense

19 de febreiro

Vivid Remorse + Dredd +  
Acid Proyect + Upcoming of  
Devastation  
Café Teatro Xesteira

24 de febreiro  
Chicomalo  
Café Aurense

## MELIDE

18 de febreiro  
O Chícharo Psicótico  
Pub Gatos

25 de febreiro  
The Covers Band  
Pub Gatos

## A CORUÑA

16 de febreiro  
José El Chatarra  
Garufa

18 de febreiro  
Uzzhuaia  
Ola Green

18 de febreiro  
More Than a Thousand +  
Dawn of the Maya + A New  
Heaven Arise  
Le Club

19 de febreiro  
Addler's Appetite  
Playa Club

Dr. Gringo  
Garufa

25 de febreiro  
Lamatumbá + Loretta Mar-  
tin  
Sala O Túnel

25 de febreiro  
Los Pedales +  
Julio Suárez & The Back-  
yards  
Sala Le Club

26 de febreiro  
Kase.O Jazz Magnetism  
Sala O Túnel

12 de marzo  
M-Clan  
Teatro Colón

Mardi Gras  
Standstill + Pülsar  
Sala O Túnel

## COSPEITO

18 de febreiro

Pablo Navas "Yeyo"  
Pub Akelarre

## SADA

18 de marzo  
Paris Joel  
Moby Dick

## VIGO

18 de febreiro  
Correos  
Fábrica de Chocolate

19 de febreiro  
Uzzhuaia  
Fábrica de Chocolate

25 de febreiro  
Disco Las Palmeras  
Sala Playmobil

28 de febreiro  
Nicolás  
La Casa de Arriba

18 de marzo  
Tote King  
Mondo Club

## O CARBALLIÑO

19 de febreiro  
José El Chatarra

Sala Sete Flores

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

19 de febreiro  
Tierra Santa  
Sala Capitol

20 de febreiro  
Laetitia Sadier  
Salón Teatro

23 de febreiro  
Paul Ansell  
Sala Nasa

24 de febreiro  
Bush Doctors + Skarallaos  
Sala Nasa

25 de febreiro  
Wyoming &  
Los Insolventes  
Sala Nasa

## ARZÚA

12 de marzo  
Tote King  
Praza de Galicia

13 de marzo  
Susana Seivane  
Praza de Galicia



**XUNTA  
DE GALICIA**

EDITA:  
Xunta de Galicia  
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado  
Consellería de Traballo e Benestar  
San Caetano, s/n - 15781  
Santiago de Compostela

DIRECTOR:  
Ovidio Rodeiro Tato  
Director xeral de Xuventude e Voluntariado  
REDACIÓN E MAQUETACIÓN:  
Nós Comunicación  
infoxove@noscomunicacion.com

CONTACTA CON INFOXOVE  
infoxove@xunta.es  
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado  
San Caetano s/n - 15781  
Santiago de Compostela  
Tel: 981 544 660

